

## AS DELIBERACIÓNS E OS ACORDOS PARLAMENTARIOS

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado do Parlamento de Galicia  
Profesor da Universidade de Vigo

As disposicións do Regulamento parlamentario que lle afectan ó réxime dos debates e votacións forman parte do que se coñece como «ritualismo parlamentario», aspecto que acada notable relevancia para a garantía dos dereitos das minorías, posto que, como ten subliñado o Tribunal Constitucional, o formalismo nos procedementos parlamentarios é esencial para a correcta formación da vontade das cámaras. Asentado este principio, debe deixarse constancia da prevalencia gobernamental no deseño dos debates parlamentarios, de tal xeito que a través do control da orde do día e das técnicas de limitación e racionalización do debate os gobernos orientan case absolutamente a discusión dos proxectos legislativos e da actividade parlamentaria<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Así, ARTER, David, *The Nordic Parliament*, C. Hurst and Company, London, 1984, páx. 31 e segs.

## 1. A fixación da orde do día

Trátase dun trámite parlamentario de singular transcendencia, no que conflúen distintas variables. En primeiro lugar, está o xogo das relacións entre a maioría e a minoría parlamentarias, posto que normalmente aquela tenderá á fixación de ordes do día restrinxidas e con asuntos pouco comprometidos para o Goberno, mentres que a minoría propugnará a ampliación das ordes do día e a inclusión de asuntos que poidan desgastar en maior medida o Executivo. Ademais, o artigo 23 da Constitución garante un dereito de iniciativa para o parlamentario individual que debe ter o seu reflexo na fixación da orde do día das sesións parlamentarias. Por último, o volume de asuntos pendentes do órgano parlamentario de que se trate condicionará inevitablemente a orde do día, e hai que ter en conta ademais o imperativo regulamentario que impide erguer unha reunión plenaria sen que se teña rematada a orde do día<sup>2</sup>.

O réxime xurídico da fixación da orde do día é diferente segundo o órgano parlamentario de que se trate. No caso do Pleno da Cámara atopamos un procedemento reforzado que esixe a concorrencia de tres vontades: o presidente, a Mesa e a Xunta de Portavoces. Esta actuación vese condicionada polo «calendario de actividades» da Cámara, asunto este que a pesar de ser utilizado reiterativamente polo Regulamento non aparece definido en ningún lugar.

No tocante ás comisións serán as súas respectivas mesas as que fixen a orde do día «tendo en conta o calendario establecido pola Mesa do Parlamento». Desta redacción regulamentaria derívase a ampla marxe de discrecionalidade con que contan as mesas das comisións para fixa-las ordes do día, posto que só deberán respecta-lo papel que o artigo 30, apartado 7, do Regulamento lle atribúe á Mesa da Cámara na programación das liñas xerais de actuación desta, oída a Xunta de Portavoces que conforme o artigo 39 «establece o calendario de actividades das comisións». Unha cuestión que suscitou polémica é a que provoca o respecto ó calendario xeral da Cámara. Entendo que as mesas das comisións deben respecta-los condicionamentos provenientes das datas que quedan libres por non realizarse sesións plenarias pero que en ningún modo as comisións ven prohibida a súa actuación sobre temas que xa foron debatidos polo órgano plenario.

Como sinalei anteriormente, existen variadas prerrogativas do Goberno na fixación da orde do día. Así, é posible que o Executivo demande a inclusión prioritaria dun asunto nunha sesión concreta. Neste

---

<sup>2</sup> Aínda que o artigo 72.5 do Regulamento do Parlamento de Galicia nada di acerca da necesidade de esgota-la orde do día no caso das comisións parlamentarias, preséntase como obvia a aplicación analóxica deste precepto pensado para o Pleno da Cámara, posto que a indentidade de situacións e de *ratio decidendi* é absoluta.

suposto a inclusión será máis doada se se cumpren os trámites regulamentarios que posibilitan que o asunto estea en condicións de incluírse na orde do día. Pola contra, se o asunto non cumpre os requisitos precisos cómpre que a Mesa da Cámara acorde, por maioría coa Xunta de Portavoces e co seu presidente, a citada inclusión na orde do día. Esta segunda modalidade orixínase pola iniciativa dun grupo parlamentario ou da Xunta de Galicia, e atopa un réxime no dereito parlamentario galego máis relaxado que no País Vasco, onde se esixe a unanimidade dos distintos órganos competentes. Por último, a referencia ás «razóns de urxencia» pode espertar suspicacias xa que se trata dun concepto xurídico indeterminado que nalgún caso pode xerar un abuso deste mecanismo por parte do Executivo autonómico.

Finalmente existe unha prerrogativa governamental que consiste na solicitude de posposición de asuntos, contemplada no noso Regulamento de xeito exclusivo no artigo 155.4 para as preguntas. Sen embargo, a práctica parlamentaria vén estendendo a súa aplicación analóxica ás proposicións non de lei e incluso ás interpelacións e mocións.

## 2. Alteración da orde do día

Podemos conceptualizar a alteración da orde do día como un cambio na «axenda» dunha sesión previamente fixada. Non se trata, pois, dun cambio na orde do tratamento dos asuntos incluídos nunha sesión, práctica esta habitual e xestionada con axilidade polas distintas mesas das comisións e do Pleno, senón da retirada ou inclusión de asuntos nunha orde do día formulada polos órganos competentes para tal efecto.

No tocante ó Pleno é preciso un acordo da Cámara, por iniciativa do presidente do Parlamento ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros do Lexislativo.

En canto ás comisións, o dereito parlamentario autonómico opta por un paralelismo absoluto xa que esixe o acordo da Comisión por iniciativa do seu presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros daquela. Con carácter xeral establécese que a inclusión dun novo asunto necesita ter cumpridos os trámites regulamentarios que lle permitan estar en condicións de ser incluído.

A utilidade práctica deste procedemento de alteración da orde do día subliña a doutrina, e así López Garrido entende que este trámite suple a inexistencia da cuestión «previa» ou da cuestión de «non haber lugar a deliberar»<sup>3</sup> no dereito parlamentario español.

<sup>3</sup> Cfr., LÓPEZ GARRIDO, Diego, «Os debates parlamentarios», *Parlamento e dereito*. Parlamento vasco, Vitoria, 1991, páxs. 383 a 399.

### 3. Os debates

#### 3.1. Os seus presupostos

É tradicional no dereito parlamentario a existencia dun período previo no que a documentación atinente ós debates se pon a disposición dos parlamentarios. Nesta liña, o dereito inglés esixe un prazo de dous días para que as preguntas e as mocións presentadas se publiquen no *Notice Paper*<sup>4</sup>. Dun xeito moi parello o noso Regulamento establece que ningún debate pode comezar sen a previa distribución, polo menos con corenta e oito horas de antelación, do informe, dictame ou da documentación que teña que servir de base. Establécese, iso si, a posible excepción por parte da Mesa do Parlamento ou da Comisión. A pesar de que esta excepción deba ser xustificada, non parece afortunada a previsión regulamentaria deste procedemento, xa que o deputado individual non ten suficientemente garantido o seu dereito de acceso á documentación obxecto do debate se un órgano da Cámara (a Mesa) acorda libremente a súa excepción. En todo caso, caberá a vía do recurso de amparo para que sexa o Tribunal Constitucional o que valore se a excepción por parte da Mesa da Cámara foi motivada ou non.

#### 3.2. Desenvolvemento

Os deputados poden intervir se previamente piden a palabra e a obtéñen do presidente. Así mesmo, presúmese que a ausencia dun deputado leva consigo a renuncia ó seu dereito a intervir no debate. Esta presunción suscita problemas no suposto de substitucións entre parlamentarios no seo das comisións parlamentarias, sobre todo cando as iniciativas teñen carácter *intuitu personae* e, polo tanto, non poderían ser defendidas por calquera outro compañeiro de grupo parlamentario.

Seguindo redaccións tradicionais, o noso dereito parlamentario esixe que os discursos se pronuncien de viva voz e persoalmente. Este principio non impide a delegación dun deputado noutro para a defensa dos ditos discursos nos debates, e tampouco a posibilidade de que os discursos se lean, aspecto este que algún autor como I. Astarloa considera positivo pola necesaria reflexión que merecen as intervencións parlamentarias<sup>5</sup>. Por outra banda, os discursos poden pronunciarse desde un lugar especial previsto no Pleno da Cámara e coherentemente establécese un réxime

---

<sup>4</sup> Así, MAY, E.: *Treatise on the Law, Proceedings and Usage of Parliament*, Butterwoths, Londres, 1976, páx. 324 e segs.

<sup>5</sup> Neste sentido, pode consultarse o seu traballo «Elementos para o desenvolvemento da cooperación parlamentaria», publicado no anuario de dereito parlamentario *Corts* núm. 6 extraordinario, 1998, páx. 138.

singular que lles impide ós membros das mesas facer uso da palabra desde os seus lugares de preeminencia nas sesións parlamentarias.

a) *O principio da continuidade do discurso*

Pode deducirse do contido das nosas disposicións parlamentarias que o discurso na Cámara está imbuído pola lóxica da continuidade, de tal xeito que só excepcionalmente e coa intervención do presidente da Cámara, pode producirse a interrupción daquel. De tódolos xeitos a práctica das sesións demostra que a Cámara galega adopta as celebracións ou desaprobacións por parte dos deputados respecto a aquel que está falando, coa conseguinte interrupción no uso da palabra.

Pódense cita-los supostos en que o presidente da Cámara está habilitado regulamentariamente para interrompe-los discursos dos oradores. Un primeiro caso é aquel no que o deputado esgotase o tempo que se lle asignara para o uso da palabra. O Tribunal Constitucional decidiu que, nun suposto atinente ó Parlamento de Galicia, as medidas disciplinarias que o presidente da Cámara pode adoptar en casos destes deben ser proporcionadas á infracción que da «orde interna da Cámara» supón o abusar do tempo taxado da intervención. Antes de retirarlle a palabra o presidente debe indicarlle dúas veces ó orador que conclúa, o que debe facerse verbalmente, e non cabe interpretar que o xogo das luces existente na tribuna de oradores do Pleno serve de admonición previa para os efectos do previsto no artigo 75.6 do Regulamento da Cámara.

Un segundo suposto constitúe a posibilidade que ten o presidente do Parlamento de chamar á cuestión ou á orde ó deputado que a xuízo da Presidencia se desviara do obxecto do debate ou non respectara as regras básicas da cortesía parlamentaria. Tamén aquí a actuación presidencial debe ser profundamente respectuosa coa liberdade no uso da palabra por parte dos parlamentarios e sobre todo co contido ideolóxico dos discursos dos oradores.

En terceiro lugar o dereito parlamentario galego establece que a Presidencia pode retirarlle a palabra ó orador sen delimita-las causas concretas desta potestade presidencial. Entendo que non existe unha potestade xenérica do presidente do Parlamento para discrecionalmente restrinxir-lo dereito dos deputados a intervir nos debates, e polo tanto a expresión regulamentaria debe entenderse sempre como condicionada pola existencia dunha causa previa para a retirada da palabra.

Por último é posible que por razón dunha chamada de orde á Cámara, a algún dos seus membros ou ó público, o presidente interrompa ó parlamentario que estea falando. Resulta tamén aquí criticable a distinción entre a chamada de orde á Cámara e a chamada de orde a algún dos seus membros, xa que calquera petición xenérica de respecta-la orde parlamentaria será consecuencia dunha infracción de tal disciplina por parte

dalgún dos suxeitos parlamentarios que integran por definición a totalidade da Cámara.

b) *O dereito ó uso da palabra*

Trátase dun dereito tutelable conforme o establecido no artigo 23 da Constitución española, xa que a intervención nos debates posibilita a formación da vontade do Lexislativo e polo tanto merece a máis alta tutela xurisdiccional ante o Tribunal Constitucional.

Os deputados contan coa posibilidade de cederse a palabra entre si sempre e cando interveñan por un mesmo tema. Esta variación no desenvolvemento dos debates conta con dous condicionantes moi importantes. En primeiro lugar cando se trata dunha simple alteración na orde do uso da palabra e non dunha renuncia xenérica do dereito a falar; por outra banda é posible que a cesión se produza entre deputados dun mesmo ou de distintos grupos, sempre e cando o tema da intervención sexa o mesmo.

A substitución entre oradores está autorizada de xeito expreso no dereito autonómico se ben con un carácter xeral que presenta dúbidas no suposto daquelas iniciativas parlamentarias que teñen un carácter personalísimo; tal é o caso das preguntas orais e da defensa das emendas nos procedementos lexislativos. Nestes supostos debe garantirse a certeza da vontade do deputado que é substituído por outro para que os efectos últimos da iniciativa se produzan.

c) *O Executivo nos debates*

Os membros da Xunta de Galicia poden intervir *ad libitum* para matizar ou esclarecer feitos ou para fixa-la postura do Goberno. Esta habilitación tan xenérica parece non coñecer límites á intervención nos debates por parte dos conselleiros, o que choca conceptualmente coas repetidas limitacións que o Regulamento lles presenta ós deputados para participar nos debates, como subliña López Garrido para o caso das Cortes Xerais<sup>6</sup>.

As consecuencias desta intervención dos membros do Goberno son do máis favorables para os seus intereses, posto que estas participacións «non reabren o debate». De tódolos xeitos establécese a existencia dunha réplica específica e dunha dúplica do Goberno, do que se deriva unha regulación dobremente favorable para os intereses do Executivo, xa que a súa intervención, como acabamos de apuntar, é totalmente libre e pola contra limitada para a oposición.

<sup>6</sup> Deste xeito no seu traballo «Os debates parlamentarios», contido no volume *Parlamento e Dereito*, Parlamento Vasco, Vitoria, 1991, páx. 393.

### 3.3. Peche

Como xa quedou dito anteriormente, o xeito habitual de remata-los debates parlamentarios é o de acaba-lo tempo que o orador ten asignado para a súa intervención, de tal xeito que, se este non rematara, a Presidencia, despois de avisalo en dúas ocasións, pode retirarlle a palabra.

A Cámara autonómica coñece o mecanismo parlamentario da «moción de peche», polo que a Presidencia co acordo da Mesa da Cámara de oficio ou a instancia de parte pode acorda-lo peche dunha discusión. O aspecto máis polémico desta moción é a valoración xurídico-política que a Presidencia debe facer e que consiste en estimar que o asunto está suficientemente debatido. O Regulamento, consciente desta dificultade, prevé un debate sucinto sobre esta petición de peche, no que poden falar durante cinco minutos, como máximo, un orador en contra e outro a favor. Resulta rechamante esta distribución das quendas xa que na dialéctica parlamentaria na que nos atopamos o habitual é a atribución destas a grupos parlamentarios e non a posicións a prol e en contra, que responden máis á dialéctica de confrontación propia do parlamentarismo anglosaxón.

### 3.4. As alusións

Nos principios clásicos do dereito parlamentario contémpanse certas regras que exaltan a cortesía parlamentaria e que chegan a impedi-la cita dos nomes propios ó designa-los deputados ou a mención dos desexos do xefe do Estado ou do Poder Executivo<sup>7</sup>.

O obxecto das alusións delimitase dun xeito dobre: por un lado que o discurso lles afecte ó decoro ou á dignidade dun grupo parlamentario e, por outra banda, que os xuízos de valor ou as inexactitudes que se emitan lles afecten a determinados suxeitos pasivos, que son a persoa ou a conducta dun deputado ou dun grupo parlamentario.

A apreciación da existencia das alusións recae sobre a Presidencia da Cámara, o que subliña o importante papel moderador desta figura nos debates parlamentarios.

Existen límites para a entrada en xogo das alusións, o que é razoable posto que tódolos debates xeran directa ou indirectamente valoracións dos outros intervenientes, e polo tanto é axeitada esta regulación restrictiva que, de non existir, prolongaría indefinidamente os debates. As primeiras limitacións poden resumirse en tres aspectos: en primeiro lugar só é posible a quenda de alusións se se solicita por instancia de parte, o que lle imposibilita ó presidente da Cámara concede-la quenda de alusións por iniciativa propia.

<sup>7</sup> Así, MICELI, Vincenzo, *Principii di Diritto Parlamentare*, Milano, Società Editrice Libreria, 1913, en especial páx. 70 e segs.

En segundo lugar o aludido disporá dun tempo máximo de tres minutos, o que pode resultar claramente insuficiente, depende da entidade das alusións que se fixeran no debate.

Por último, a quenda atribúese coa finalidade exclusiva de rebatelas alusións realizadas, o que volve poñer de relevancia o papel do presidente da Cámara na moderación deste debate das alusións.

Outra limitación deriva da necesaria inmediatez das contestacións ás alusións, xa que é preciso facelas na mesma reunión ou, se o deputado estivese ausente, na seguinte. Formúlase aquí a dúbida sobre se o límite temporal é o da seguinte reunión ou o da seguinte reunión na que o deputado estivese presente. Penso que esta segunda opción é a máis acertada, xa que só coa participación directa do aludido pode saldarse a referencia persoal que se fixera.

Finalmente, no caso de que as alusións teñan por destinatario un grupo parlamentario rexen idénticos requisitos ós citados e, como é lóxico, as contestacións faraan un representante do grupo aludido nas mesmas condicións restrictivas que acabamos de comentar para as alusións ós deputados individuais.

### 3.5. As chamadas ó cumprimento do Regulamento

Trátase dunha facultade que se lles atribúe ós deputados, pero dun xeito moi limitado. Maniféstase esta concepción restrictiva en dous aspectos:

a) A necesidade de cita-lo artigo ou artigos dos que se reclama a aplicación. Isto provocaría a imposibilidade de pedi-lo respecto do costume ou de prácticas parlamentarias, cando, como é ben sabido, estas forman parte tamén do dereito parlamentario e merecen ser observadas e contar con vías para garanti-la súa vixencia.

b) A resolución que sobre a observancia do Regulamento tome a Presidencia é inapelable. Trátase dunha decisión expeditiva que orixina o problema da posibilidade ou non de intervención doutros grupos parlamentarios distintos ó que suscita a observancia do Regulamento.

Entendo que o principio xeral de audiencia conduce á necesaria participación doutros grupos parlamentarios que desexen ser oídos neste trámite.

De xeito simultáneo á regulación destas chamadas ó cumprimento do Regulamento están as posibilidades que se lles outorgan ós deputados de pedir durante a discusión, ou antes de votar, a lectura das normas ou dos documentos que coiden conducentes á ilustración da materia de que se trate.

Esta facultade do parlamentario individual atopa uns xustos límites na interpretación que da necesidade das lecturas faga a Presidencia, pois do contrario podería conducir a unha práctica obstruccionista no desen-



volveremento dos debates. A dicción literal do Regulamento parece atribuír certa discrecionalidade na apreciación por parte do presidente, xa que este pode denegar-las lecturas que coide non pertinentes ou innecesarias.

### 3.6. O dereito de réplica

Configúrase con carácter xeral unha quenda para rectificar ou replicar a todo aquel que fose contradito nas súas argumentacións. Obviamente, a atribución dunha quenda xenérica con este contido resulta tremendamente problemática. Haberá pois que interpretala restrictivamente e outorgala só se non existe unha regulación específica do debate en cuestión<sup>8</sup>.

Clara manifestación do excepcional desta quenda de réplica é a súa configuración temporal, xa que o Regulamento especifica que terá un tempo máximo de cinco minutos e só poderá outorgarse por unha soa vez. Igualmente, a súa inclusión no artigo que establece as facultades presidenciais para a moderación dos debates denota o condicionamento das réplicas ou rectificacións por parte da apreciación presidencial.

### 3.7. As facultades moderadoras da Presidencia

En todo órgano colexiado resulta imprescindible a figura do moderador coas súas facultades de ordenación dos debates. No caso das deliberacións parlamentarias este papel acada singular relevancia, posto que, en ocasións, a intervención da Presidencia pode afectar colateralmente non só a forma e desenvolvemento dos debates senón tamén ó fondo destes<sup>9</sup>.

Os instrumentos a través dos que o presidente pode ordenar os debates e as votacións son moi variados. O Regulamento subliña exemplificativamente a posibilidade de acordar a acumulación de asuntos (cando se dea homoxeneidade entre eles, como ocorre no caso das proposicións non de lei e das preguntas). Igualmente, cítase a posibilidade de incrementar ou diminuí-los tempos segundo a importancia do asunto debatido. Entendo que nesta materia será necesario ter en conta a opinión da Xunta de Portavoces posto que a expresión regulamentaria «circunstancias concorrentes» non pode entenderse como unha atribución

<sup>8</sup> Así ocorre no Congreso dos Deputados, segundo apunta LÓPEZ GARRIDO en aplicación do artigo 73.1 do Regulamento do Congreso dos Deputados. Esta práctica de atribución do dereito de réplica maniféstase, no caso galego, dun xeito contrarreglamentario no debate das proposicións non de lei tanto en pleno coma en comisión.

<sup>9</sup> Sen dúbida non parece recomendable a participación dos presidentes no control do contido substantivo dos debates, a pesar dalgunha opinión recente da doutrina no sentido de velar pola coherencia destes en relación á finalidade dos procedementos parlamentarios. Así, ASUNCIÓN DE LA IGLESIA CHAMORRO: «A convalidación parlamentaria do decreto-lei en España», *Revista das Cortes Xerais*, n.º. 44, 2.º cuatrimestre, 1998, páx. 61.

de discrecionalidade á Presidencia da Cámara para dosificar os tempos na intervención nos debates.

### 3.8. As quendas nos debates

O principio xeral no dereito parlamentario galego é o da existencia de tres roldas nos debates: unha a favor, outra en contra e unha terceira de portavoces limitada a aqueles que non interviñeran nas primeiramente citadas.

A duración das intervencións fixárase a Mesa de acordo coa Xunta de Portavoces, agás disposición regulamentaria expresa que discipline a substanciación dun instrumento parlamentario concreto e dispoña unha duración determinada. Supletoriamente o Regulamento fala dos debates de totalidade para fixar unhas roldas de intervención de quince minutos, tras as que intervirán os demais grupos parlamentarios durante dez para a fixación das súas posicións.

Un aspecto moi relevante no desenvolvemento dos debates é o atinente á orde de intervención dos grupos parlamentarios. Principio básico no dereito parlamentario de Galicia é o da intervención en orde inversa á importancia numérica de cada grupo. Esta sinxela regra presenta problemas no tocante ó Grupo Parlamentario Mixto, especialmente cando a súa composición é numerosa ou moi heteroxénea politicamente.

Os membros do Grupo Mixto deberán distribuír entre eles o seu tempo total de intervención, que no seu conxunto, non pode exceder ó de calquera outro grupo parlamentario. No suposto de non acadalo acordo será a Presidencia da Cámara a que resolva sobre a distribución do tempo que debe empregar cada un deles.

## 4. As votacións

### 4.1. O quórum legal

Esta expresión denota a reunión regulamentariamente realizada cos requisitos de convocatoria ós que fai referencia de xeito xenérico o artigo 79.1 da Constitución. No noso caso concreto implica a asistencia da maioría dos membros dos órganos parlamentarios de traballo (38 deputados do Pleno ou 9 nas comisións parlamentarias).

Esta previsión da necesidade de quórum legal, moi lonxe de ser unha norma imperfecta, contén as específicas sancións para o caso do seu incumprimento. Deste xeito, faise necesario pospoñer unha votación por un prazo máximo de dúas horas se chegado o momento desta ou trala súa realización resulta que non existe tal quórum. Ademais, transcorridos os prazos citados, o asunto sería sometido á decisión do órgano compe-

tente na seguinte sesión que faga. Este réxime no tocante ó quórum subliña a relevancia que o dereito parlamentario lle atribúe a este instrumento como mecanismo esencial para garanti-la transparencia dos acordos acadados.

Distinto do quórum legal constitutivo é o quórum de adopción de acordos que, seguindo o principio universal de dereito parlamentario, se cifra na maioría simple dos presentes na sesión parlamentaria de que se trata, aspecto este que polo demais veu ser reiterado pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional na materia. Serán pois, excepciónais, as decisións parlamentarias que esixan maiorías cualificadas como a absoluta, a de tres quintos e a de dous tercios dos membros da Cámara.

#### 4.2. O desenvolvemento das votacións

O marco constitucional determina que o voto é persoal e indelegable, co que imposibilita aqueles instrumentos que, facilitando o traballo dos parlamentarios, escurecerían a nitidez da manifestación da súa vontade.

Coñecemos que o dereito autonómico admite a modalidade do voto ponderado para determinados acordos adoptados pola Xunta de Portavoces e certas comisións parlamentarias. Aínda que o Tribunal Constitucional non se manifestou de xeito explícito sobre esta materia, parece conciliable a existencia destas vías de adopción de acordos en materias colaterais ás funcións básicas do parlamentario.

Como non podía ser doutro xeito, o voto do deputado tamén está limitado por aspectos éticos, xa que se lle impide tomar parte nas votacións sobre resolucións que lle afecten ó seu propio status na Cámara.

A votación parlamentaria rodéase dun certo ritualismo que trata de subliña-la súa transcendencia como acto do órgano colexiado de Goberno. Deste xeito establécese que en ningún caso poderán ser interrompidas as votacións, o que parece referirse tanto á imposibilidade física coma verbal de intercepta-lo acto de formación da vontade da Cámara. No caso galego é habitual que os servicios da Cámara adoiten impedi-la entrada de deputados no salón de sesións no momento en que a votación está tendo lugar, o que non persegue outra finalidade que a garantía do procedemento decisorio.

Establécese, por outra banda, a posibilidade de que se realice a votación nunha hora prefixada, e aínda que esta é unha práctica inusual na Cámara galega, si se utiliza habitualmente nas Cortes Xerais nas votacións dos presupostos xerais do Estado. O presidente da Cámara pode acordar que chegada a hora fixada, se non está rematado o debate se subliñe nova hora para a súa votación<sup>10</sup>.

<sup>10</sup> Trátase dunha regulación bastante flexible e que choca con algúns preceptos do

### 4.3. Clases

A valoración que merece a tipoloxía regulamentaria das votacións é negativa, posto que se mesturan distintos criterios clasificatorios coa conseguinte perda de claridade sistemática. Con ánimo pois simplemente descriptivo subliñarei as votacións que contempla o Regulamento do Parlamento autonómico.

#### a) *Votación por asentimento*

Prodúcese no caso de aprobación de propostas feitas pola Presidencia cando, unha vez anunciadas, non suscitaren ningunha obxección nin oposición. A práctica parlamentaria reserva este sistema de votación para asuntos de trámite (alteracións no tratamento dos puntos da orde do día ou cuestións de orde de carácter menor) e para as declaracións institucionais que adoitan ser perfiladas con anterioridade no seo da Xunta de Portavoces.

#### b) *Votación ordinaria*

O dereito parlamentario galego descoñece unha definición desta clase de votacións e límitase a establecer que se levarán a cabo por decisión da Presidencia e por algún dos dous xeitos que a seguir se describen. En primeiro lugar, pódense realizar por procedemento electrónico, no que se acredite o sentido do voto de cada deputado e mailos resultados totais da votación. Resultan coñecidos os problemas que este sistema de emisión ten suscitado en relación coa personalidade do dereito do voto, pois ata o mesmo Tribunal Supremo chegou á demanda atinente á substitución irregular en certas votacións no Senado.

Por outra banda, a votación ordinaria pódese realizar erguéndose primeiro os que aproben, a seguir os que desaprobem e, finalmente, os que se absteñan. A pesar da previsión regulamentaria de que o presidente ordenará que faga o recuento o secretario ou o vicesecretario no caso de dúbida ou por solicitude dalgún grupo parlamentario, este sistema de votación presenta evidentes dificultades para o desenvolvemento áxil e seguro das votacións no Pleno da Cámara.

#### c) *Votación pública*

Este sistema de votación consiste no chamamento por parte do secretario ou do vicesecretario de cada un dos deputados e na obrigada resposta por parte deles en sentido afirmativo, negativo ou de abstención<sup>11</sup>.

---

dereito comparado, coma o artigo 9.3 do Regulamento do Consello Federal alemán, que impide a petición da posposición nas votacións.

<sup>11</sup>. Resulta singular a proposición de reforma do Regulamento presentada polo Grupo Parlamentario de Izquierda Unida no Principado de Asturias, en marzo de 1999, no

O chamamento debe realizarse por orde alfabética do primeiro apelido, comeza polo nome do deputado que sexa sacado a sorte. Esta prescrición pode ter importantes consecuencias no caso de equilibrios parlamentarios en votacións que afecten a responsabilidade política do presidente da Xunta. Por último, os membros do Goberno galego que sexan deputados e maila Mesa votarán ó remate.

As votacións que afecten a investidura do presidente da Xunta, a moción de censura e a cuestión de confianza serán en todo caso realizadas polo procedemento público do chamamento.

#### d) *Votación secreta*

Exceptuando o principio xeral da publicidade parlamentaria, o dereito galego admite taxativamente algúns supostos nos que a identidade e o sentido do voto dos deputados non sexan coñecidos. Esta clase de votacións pode facerse por procedemento electrónico (acredítase o resultado total da votación e omítese a identificación dos votantes) ou por papeletas, cando se trate de eleccións de persoal ou decida a Presidencia, ou se tivese especificada esta modalidade na solicitude de voto secreto.

O suposto que suscitou máis problemas na Cámara galega foi o das eleccións de persoal, que por imperativo regulamentario deberán de facerse secretamente, e que en comisións de composición paritaria esixen que o nivel de compromiso e coherencia na votación dos seus membros non conduzan a situacións absurdas<sup>12</sup>.

O suposto residual de realización da votación secreta dáse cando o soliciten dous grupos parlamentarios ou a quinta parte dos deputados ou dos membros da Comisión. En caso de solicitudes concorrentes en sentido contrario prevalecerá sempre a votación secreta, se ben esta non poderá facerse en materias lexislativas.

#### 4.4. Os empates

Trátase dunha cuestión que, aínda sendo de carácter técnico, leva consigo importantes repercusións políticas. O principio xeral das votacións empatadas en pleno é o da repetición da votación, que no caso de persistir provoca a suspensión desta durante un prazo que coide razoable

---

sentido de limita-la votación pública por chamamento á disxuntiva «si ou non», que obviamente deriva da particular problemática política xurdida con motivo das votacións de investidura naquela Comunidade Autónoma.

<sup>12</sup> Deste xeito, ó inicio da V lexislatura na elección dos membros da Mesa na Comisión do Estatuto dos Deputados producíronse certas irregularidades que eran atribuíbles ó carácter secreto do voto e á composición paritaria (un membro por cada grupo parlamentario) da citada comisión. Igualmente, esa situación produciuse en certas comisións de estudo con contido determinado e composición paritaria.

a Presidencia. Esta última expresión resulta criticable por atribuírle unha discrecionalidade excesiva ó presidente colocándoo nunha disxuntiva entre o seu papel institucional e a súa pertenza a certo grupo parlamentario.

Transcorrido o prazo fixado polo presidente, repetírase a votación, e se de novo se producira empate, entenderase desbotado o dictame, artigo, emenda, voto particular ou proposición de que se trate.

As votacións en comisión seguen un réxime especial. Se se trata dunha cuestión que deba ser posteriormente sometida ó Pleno entenderase que non existe empate cando a igualdade de votos, sendo idéntico o sentido no que votasen tódolos membros da comisión pertencentes a un mesmo grupo parlamentario, puideran dirimirse ponderando o número de votos con que cada grupo conte no Pleno. Como pode apreciarse, trátase dunha aplicación máis do principio do parlamento grupal, xa que se presume *iuris et de iure* o sentido do voto dos restantes membros do grupo parlamentario cando exista coherencia e homoxeneidade entre os membros que participen na Comisión.

#### 4.5. A explicación do voto

A regra xeral no dereito parlamentario galego é a da atribución a cada grupo parlamentario dun tempo máximo de cinco minutos para explicación de voto sobre unha ou varias votacións que versen acerca dunha mesma cuestión.

Nos procedementos lexislativos, seguindo a regra xeral, só se poderá explica-lo voto trala derradeira votación, a non ser que o texto se dividise en partes claramente diferenciadas para efectos do debate. A duración da explicación do voto pode ampliála nestes procedementos a Presidencia ata dez minutos.

Finalmente, o regulamento encárgase de explicita-los casos en que está prohibida a explicación de voto, que son dous: por unha banda, as votacións secretas (como deriva da súa propia natureza) e, por outra, aqueles casos en que o grupo parlamentario interviñera previamente no debate, agás se se produciu un cambio no sentido do seu voto, o que esixirá a valoración por parte do presidente do posicionamento que tal grupo tivo no debate que precedeu á votación. 